



A investigación en Galicia

Blanca-Ana Roig Rechou¹

España/Galicia

Non vou reflexionar, por razóns de tempo, sobre a dependencia da investigación dos saberes e modelos teóricos que se ofrecen dende as Universidades e Centros de Investigación, pero si quero recordalo para poder explicar a tardía atención que os investigadores en Galicia lle prestaron á Literatura Infantil e Xuvenil (LIX).

Tampouco vou afondar nas razóns que levaron a que a investigación sobre os produtos culturais que constitúen o sistema literario dirixido aos máis novos e aos mediadores, é dicir, a LIX, fose pouco frecuentada na Comunidade Interliteraria Específica Ibérica (CIEI)², aínda que vou citar algunhas que creo debemos ter en conta:

1. A falta de uso, por razóns de política educativa, de moitas linguas minoritarias no ensino primario e secundario, que levou a unha enorme escaseza de lectorado nesas linguas, provocando unha dedicación esporádica a esta literatura dos escritores e escritoras durante moito tempo.

2. A ausencia nos currículos universitarios, até hai ben pouco tempo, de estudos sobre a LIX, o que supuxo a non inclusión de liñas de investigación sobre estes sistemas literarios en moitas Universidades da CIEI, por ter sido durante moito tempo esta literatura pensada só para a educación e a formación pedagóxica da infancia e moi tardiamente campo de investigación léxítimo no mundo académico, lastrado por uns criterios de avaliación tradicionais na selección do obxecto de estudo (Shavit, 2003: 11-12).

Neste momento, ao estar a se poñer en marcha o sistema universitario europeo, a inclusión da LIX está a variar moito, con grandes diferenzas segundo as Universidades, polo que será preciso agardar para avaliar a situación na que queda.

Voume centrar, pois é o que se me solicitou, na investigación en Galicia e dende Galicia, pero sen esquecer as brevísimas reflexións que acabo de poñer sobre a mesa.

¹ Profesora de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela, Coordinadora da Rede “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI) e Presidenta da Asociación Galego Portuguesa de Investigadores en Literatura Infantil e X/Juvenil (ELOS-ANILIJ).

² Comunidade que engloba os sistemas literarios constituídos polas literaturas en lingua castelá, catalá, galega, portuguesa e vasca, dado que se poden detectar interrelacións tanto no seu proceso de desenvolvemento coma na súa produción. Ver Đurišin (1993), Casas (2003), Torres (2000) por exemplo.



É de xustiza comezar recordando uns poucos traballos publicados na década dos oitenta que, sen seren de investigación, axudaron a iniciala, pois catalogaron, informaron e valoraron obras, amosando o seu interese por unha produción emerxente, entón totalmente desatendida³.

Pero os traballos que realmente puxeron as bases para a investigación sobre LIX en Galicia foron dúas teses de doutoramento defendidas na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela: *La obra de Michael Ende en el contexto de la Literatura Infantil alemana*⁴, realizada por Veljka Ruzicka Kenfel e defendida en 1989 no Departamento de Filoloxía alemá; e *A Literatura Infantil en Galego. Perspectiva diacrónica, descripción e análise da actualidade*⁵, realizada por Blanca-Ana Roig Rechou e defendida no ano 1994 no Departamento de Filoloxía galega.

A primeira levou á súa autora a crear, anos máis tarde, un grupo de investigación na Universidade de Vigo, que incluíu liñas de investigación sobre a LIX alemá pero tamén sobre a inglesa e sobre a análise da tradución de obras desta literatura, no que son de salientar ademais os traballos de dúas investigadoras que seguiron con Veljka Ruzicka a abrir camiños, como é o caso de Celia Vázquez e Lourdes Lorenzo, que dirixiron traballos de investigación e teses, algunhas xa lidas, e que comprometeron a investigadores con esta literatura⁶.

Estas tres investigadoras, ademais, puxeron en marcha a Asociación Nacional de

³ Debidos a Agustín Fernández Paz (1989) e Xulio Cobas Brenlla (1982), entre outros divulgativos con referencias máis puntuais.

⁴ Microficha, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela (ISBN: 84-7191-615-0).

⁵ Microficha nº 578, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1996 (ISBN: 84-8121-405-1).

⁶ Entre as teses defendidas baixo a dirección de Veljka Ruzicka Kenfel son de salientar: *Clive Staples Lewis: Un autor de literatura fantástica. Análisis desus mundos secundarios*, de Marta García de la Puerta, Departamento de Filología Inglesa, Francesa e Alemana, Universidade de Vigo, maio 2000; *Estudio paremiológico contrastivo de la traducción de El Quijote, de Ludwig Tieck*, de María Jesús Barsanti Vigo, Departamento de Filología Moderna, Universidad de Salamanca, xuño 2002; *Michael Ende. Una nueva dimensión: Estudio de las categorías espacio-temporales*, de José Pedro Acosta, Universidad de Salamanca, setembro 2002. Entre as teses en curso na Universidade de Vigo: *Aproximación cognitiva a la traducción de literatura infantil y juvenil por medio del análisis de autores concretos traducidos del alemán al español y al gallego*, de Carmen Barreiro García, Departamento de Tradución, Lingüística e Teoría da Literatura; *A transferencia cultural a través das traducións de literatura infantil y xuvenil do alemán ó galego*, de María José Veiga Díaz, Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá; *La imagen de la sociedad y de sus problemas en la Literatura Infantil y Juvenil de la RDA en los años 70 y 80*, de Stefanie Glaser, Departamento de Filoloxía Inglesa e Francesa e Alemá; e *La novela doméstica inglesa del XIX: El modelo femenino de Charlotte Yonge*, de Ana Fernández Mosquera, Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá, co-dirixida por Laura Lojo Rodríguez (USC) e Veljka Ruzicka.



Investigación de Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ, 1998, www.anilij.uvigo.es), que acolleu a todos os investigadores que dende España traballaban neste campo do saber. Comezaron a reunilos, xunto a investigadores doutros países, en congresos e xornadas nacionais e internacionais, ademais de publicaren actas, monografías e sobre todo a revista *AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)*. Traballos todos eles imprescindíbeis para quen se achegue á investigación sobre a LIX. Tamén é de salientar que dende a Asociación, da man da súa secretaria Ana Mosquera, se ofrezga aos asociados unha información de grande interese tanto promocional coma de investigación e tamén que ANILIJ estea afiliada á International Research Society for Children's Literature (IRSC).

A segunda tese centrouse na literatura escrita en lingua galega, que é a que hoxe nos interesa. A súa autora, quen lles fala, tamén puxo en marcha o grupo CELT, primeiro grupo de investigación cuxo obxectivo central foi a LIX. Debido a unha reestruturación de grupos na Universidade de Santiago, CELT uniuse ao grupo LITEXXI⁷, con liñas sobre literatura galega institucionalizada ou de adultos, co que compartía membros. Ambos os dous grupos, conscientes da necesidade de equipos multidisciplinares, acabaron por fundirse no actual LITER21⁸ (www.usc.es “investigación-catálogo de investigadores e grupos de investigación”),



formado por especialistas en Filoloxía, Belas Artes, Didáctica da Lingua e Literatura e Didáctica da Expresión Plástica e que contempla a Literatura galega e a LIX para estudala dende a historiografía literaria, a análise literaria e crítica de textos, a literatura comparada, a análise literaria e artística, de paratextos, metodoloxía da lectura, socioloxía da literatura e da arte ou a tradución, pasando polo estudo da cultura a partir

⁷ Coordinado polo catedrático de Literatura galega na Universidade de Santiago Anxo Tarrío.

⁸ Inscrito na USC co código (GI-1839), Departamento de Filoloxía galega, na Universidade de Santiago de Compostela, na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, promovida polo Centro de Estudos Eurorrexionais Galiza-Norte de Portugal, unha entidade sen ánimo de lucro e formada por universidades galegas e portuguesas e no Catálogo de Grupos de Investigación da Xunta de Galicia, co código CODIGO: 09IDI0006 (<http://www.conselleriaiei.org/catalogogrupos/>).



das manifestacións visuais e as narrativas baseadas en imaxes tanto da LIX como da Literatura galega institucionalizada ou de adultos.

Este grupo tamén forma parte do Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes,

CIPPCE

centro propio da Universidade de Santiago de Compostela aprobado e constituído por decisión do Consello de Goberno o día 25 de marzo de 2010 e con sede na Facultade de Filoloxía. Neste centro os grupos que o compoñen pretenden o estudo científico dos fenómenos de emerxencia artístico-literaria e, máis en xeral, dos procesos culturais emerxentes. A prioridade fíxase na emerxencia literaria, artística e cultural no mundo actual, sen restrición a marcos territoriais ou lingüísticos específicos, polo que o ámbito de investigación abrangue coordenadas abertas, entre o local e o global, referidas a manifestacións de carácter nacional ou internacional, así como a prácticas culturais asociadas a comunidades, colectivos ou mesmo axentes individuais. O CIPPCE ocúpase igualmente de analizar a reacción das disciplinas tradicionais perante as novas realidades culturais sinaladas e a aparición correlativa de alternativas metodolóxicas e heurísticas.

Outro paso para animar a investigación dende Galicia foi introducir a LIX en pé de igualdade coa literatura institucionalizada ou de adultos no Proxecto de investigación “Informes de Literatura”, o único observatorio que existe en Galicia de e sobre Literatura galega, en galego ou en calquera lingua, que se leva a cabo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, un centro dependente da Xunta de Galicia e das tres Universidades galegas a partir dun convenio entre estas institucións (www.cirp.es, apartado recursos)⁹.

E sobre todo é de citar a constitución en Galicia, na Universidade de Santiago de Compostela da Rede de investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI).

⁹ Proxecto dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig dende o ano 1995. No ano 2009 ten como axudante a Celia Vázquez, quen coordina aos investigadores dos grupos da Universidade de Vigo, encargados de describir a produción traducida ao galego.



Tivo a súa orixe na reunión de investigadores que se celebrou no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades en 2004 e contou para a súa constitución coa axuda do Ministerio de Educación e Ciencia do Estado español, a través das Accións Complementarias de investigación (HUM2004-20052-E) (HUM2005-23895-E/FILO) e para as súas reunións cun pequeno apoio da Xunta de Galicia dende a Consellería de Educación (cod. 2009/RC072) que se ampliou no ano 2007 ao ámbito iberoamericano. Pode seguirse a súa xestación e actividades por medio da súa propia páxina en liña www.usc.es/lijmi¹⁰.

No seu inicio, os investigadores que a constituíron e os que se foron incorporando preocupáronse por facer un diagnóstico da situación na que se atopaba a LIX dende a docencia, a crítica e investigación e marcar as súas debilidades e fortalezas. Froito deste traballo e da man do CEPLI (centro pioneiro do que se falará neste panel) publicouse *Docencia, Investigación y Crítica de LIJ en el Marco Ibérico. Informe 2004-2007*¹¹, volume que tamén se pode consultar na páxina en liña <http://>

¹⁰ Hoxe formada polos seguintes investigadores: Pedro Cerrillo Torremocha (Universidade de Castela-A Mancha), Jesús Sebastián Díaz Armas (Universidade da Laguna) e Victoria Sotomayor Sáez (Universidade Autónoma de Madrid), no ámbito castelán; Ramón Lloréns (Universidade de Alacant), Gemma Lluch Crespo (Universidade de Valencia) e Caterina Valriu Llinàs (Universidade das Illas Baleares), ámbito catalán; María Jesús Agra Pardiñas, Carmen Franco Vázquez e Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela), ámbito galego; José António Gomes (Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto), Ana Margarida Ramos (Universidade de Aveiro) e Sara Reis da Silva (Universidade do Minho), ámbito portugués; Xabier Etxaniz Erle e María José Olaziregi Alustiza (Universidade do País Vasco), ámbito vasco; Laura Guerrero (Universidade Iberoamericana Ciudad de México), Norma Chilleni de Lucero (Universidade Nacional de San Luis, Argentina), Magdalena Damaris Vasquez Vargas (Universidade de Costa Rica) e João Luís Ceccantini (Universidade Estadual Paulista “Júlio de Mesquita Filho”). Ademais das investigadoras colaboradoras galegas Eulalia Agrelo Costas, Pilar Bendoiro Mariño, Esther de León Viloría, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, José M^a Mesías Lema, Isabel Mociño González e Marta Neira Rodríguez (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/ Universidade de Santiago de Compostela/Universidade da Coruña).

¹¹ Coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Cuenca: LIJMI/Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil (CEPLI)-Universidade de Castela-A Mancha, 2008, 68 pp. (DL: CU-23-2008) (ISBN: 978-84-691-3234-0).




www.usc.es/lijmi/ (apartado “Publicacións en Liña”)¹².

Tamén dende o inicio realizaron unha listaxe de liñas de investigación sobre as que camiñar para paliar esta debilidade. Pouco e pouco, paso a paso, o itinerario foise cumprindo, como veremos.

Para unir esforzos e impulsar a investigación sobre a LIX galega e doutros ámbitos lingüísticos os grupos e a Asociación, xa citados, decidiron crear:

- A unidade de investigación “As literaturas infantís e a súa tradución”¹³, coordinada por Veljka Ruzicka Kenfel, constituída grazas a unha convocatoria pública da Xunta de Galicia (Ref. 2006/48-0) coa finalidade dunha reestruturación de grupos que traballaban sobre liñas de investigacións similares (<http://lij.uvigo.es/>).

- As seccións de ANILIJ: ELOS (Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil) que acolle a lusofonía e ANILIJ-AMÉRICA, constituída por un grupo de investigadores latinoamericanos adheridos, con sede na Universidade Iberoamericana de México.



O traballo destes grupos poden seguilo polas páxinas en liña que lles mostrei. Quero salientar tamén aquelas actividades e publicacións que unen a todos os grupos de investigación universitarios galegos e non galegos e sobre todo aqueles onde se inclúe a LIX galega xunto a outras literaturas.

1. As monografías resultantes do traballo anual da Rede-LIJMI que se presenta sempre no Curso de formación continua que anualmente se celebra na Universidade de Santiago no mes de xullo, de forma virtual, para dar a coñecer estudos, comentarios e seleccións sobre a temática a tratar e de forma presencial na segunda semana de setembro no marco da emblemática Biblioteca Fundación Caixa Galicia para tomar

¹² Onde se dá a coñecer todo, ou case todo, o relacionado coa docencia, a investigación, a crítica e a divulgación da LIX nos ámbitos castelán, catalán, galego, portugués e vasco. Trátase dunha guía de carácter comparatista para a formación de mediadores e para a orientación da metodoloxía sobre a formación literaria e a lectura a partir da LIX e mesmo doutros sistemas literarios contemplados nas diferentes teorías sistémicas.

¹³ Que se constituíu nun “Grupo de calidade” formado polos grupos xa citados que teñen a LIX como obxecto básico de estudo, aos que se uniron outros da Universidade de Vigo para iniciarse tamén nesta investigación.



contacto cos axentes que participan na comunicación literaria (escritores, editores, profesores, bibliotecarios, etc...) e tamén para coñecer instrumentos didácticos cara á educación literaria, que se ofrecen, sobre todo, a partir de obradoiros. Froito do traballo teórico que a Rede realiza durante o ano para a parte virtual, xurdiron monografías como: *Para entenderte mellor. As Literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. Cinema e Literatura*¹⁴, *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na Literatura Infantil e Xuvenil do marco ibérico*¹⁵, *Multiculturalismo e identidades permeábeis na Literatura Infantil e Xuvenil*¹⁶, *Teatro infantil. Texto e representación*¹⁷, *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil*¹⁸, *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*¹⁹ e *Reescrituras do conto popular 2000-2009*²⁰.

En cada unha destas obras, escritas nas linguas que os investigadores elixen, dentro das que se usan nos ámbitos do marco ibérico e iberoamericano, ademais das achegas dos membros da propia Rede tamén participan investigadores doutros grupos, respondendo así á colaboración e intercambio de coñecementos que busca este grupo de investigadores que pretende: a) analizar de forma comparativa e dende as teorías literarias máis contemporáneas a produción, mediación e recepción das literaturas infantís e xuvenís dos distintos ámbitos lingüísticos que representan, como se vén indicando; b) ver cómo se responde dende cada ámbito a partir da produción a correntes formais e temáticas.

2. Os representantes galegos e portugueses participan na organización dos

¹⁴ Gemma Lluch e Blanca-Ana Roig Rechou (coords.), Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2005, 337 pp. (ISBN: 84-9750-498-4).

¹⁵ Blanca-Ana Roig Rechou (coord.), Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, 2005, 266 pp. (ISBN: 84-9782-378-8)

¹⁶ Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez (coords.), Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, 2006, 266 pp. (ISBN: 84-9782-486-5).

¹⁷ Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez (coords.), Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, 2007, 294 pp. (ISBN:978-84-9782-616-7).

¹⁸ Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López (coords.), ilust. José María Mesías Lema, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, 2008, 399 pp. (ISBN: 978-84-9782-885-7).

¹⁹ Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.), ilust. Carmen Franco Vázquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, 2009, 427 pp. (ISBN: 978-84-9914-026-1).

²⁰ Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.), ilust. María Jesús Agra Pardiñas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, 2010, 248 pp. (ISBN: 978-84-9914-153-4).



Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil que se celebran no Porto anualmente no mes de novembro, na segunda ou terceira semana, tamén nunha biblioteca emblemática a denominada Almeida Garrett. Dende que LIJMI se incorporou á organización, sobre todo no apartado que acolle a crítica e investigación, foron publicadas as reflexións que nestes Encontros se realizaron, como se pode seguir por: *12^{os} Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil. Grandes Autores para Pequenos Leitores*²¹, *Do Livro à Cena*²², *A Memória nos Livros: História e Histórias*²³ e *Maré de Livros*²⁴.

3. Os representantes galegos e portugueses da Rede de investigación “Las literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI) tamén publicaron monográficos, como: *Grandes Autores para Pequenos Leitores. Literatura para a Infância e a Juventude: Elementos para a Construção de um Cânone*²⁵ e *Teatro para a Infância e Juventude. Aproximações à Literatura Dramática*²⁶.

Este grupo galego-portugués é tamén o encargado, xunto á Asociación ELOS, da edición da revista *Malasartes*, escrita en galego e portugués, dende o inicio da súa IIª série, da que se publicaron os seguintes números 15, 16, 17, 18 e 19²⁷.

4. Os membros de LIJMI e ELOS do ámbito galego neste ano 2010 realizaron unha antoloxía de textos sobre o camiño de Santiago na LIX en lingua galega da man da Dirección Xeral de promoción cultural da Xunta de Galicia: *A Santiago. Relatos*

²¹ Blanca-Ana Roig Rechou, José António Gomes e Ana Margarida Ramos (coords.), publicado en CD-ROM. Ourense, 2007 (ISBN: 978-84-611-8152-0).

²² Isabel Mociño, Marta Neira, Ana Margarida Ramos e Sara Reis (coords.), Porto: Deriva, col. Deriva, nº 8, novembro 2008, 199 pp. (ISBN: 978-972-9250-37-8).

²³ Blanca-Ana Roig Rechou, Marta Neira Rodríguez, José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva (coords.), Porto: Deriva Editores, col. Deriva, n.º 11, outubro 2009, 175 pp. (ISBN: 978-972-9250-63-7).

²⁴ José António Gomes, Isabel Mociño, Ana Margarida Ramos e Blanca-Ana Roig Rechou (orgs.), Porto: Deriva Editores, col. Deriva, nº 12, outubro 2010. (ISBN: 978-972-9259-71-2).

²⁵ José António Gomes e Blanca-Ana Roig Rechou (coords.), Porto: Deriva Editores, col. Deriva, nº 4, 2007, 143 pp. (ISBN: 978-972-9250-29-3).

²⁶ Blanca-Ana Roig Rechou e José António Gomes, Porto: Deriva Editores, col. Deriva, n.º 10, 2008, 200 pp. (ISBN: 978-972-9250-46-0).

²⁷ *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, revista semestral, nº 15, Porto Editora, dezembro 2007, 89 pp.; nº 16, Porto Editora, outubro 2008, 91 pp.; nº 17, Porto Editora, abril 2009, 91 pp.; nº 18, Porto Editora, outubro 2009, 90 pp.; nº 19, Porto Editora, maio 2010, 93 pp.



*Infanto-Xuvenís para o Camiño*²⁸.

5. As reflexións conxuntas da “Unidade de Investigación” deron lugar tamén a monográficos e participación en congresos. Entre os monográficos salientarei: *Diálogos intertextuais 3: En busca de la voz femenina. Temas de género en la literatura infantil y juvenil de la Península Ibérica y Latinoamérica*²⁹, *Diálogos intertextuais 1: De la palabra a la imagen. Estudios de literatura infantil y juvenil*³⁰ e *Diálogos intertextuais 4: Estudios de literatura infantil y juvenil: medios audiovisuales*³¹.

Todos estes traballos, no que respecta á LIX, que é o que me interesa salienta hoxe, están descritos nos *Informes de literatura* correspondentes, que xa citei.

Este labor investigador, de equipo, interdisciplinar e multicultural, levou a que os investigadores da Rede, ademais de seguir coas súas actividades ordinarias, conseguisen un proxecto de investigación para tratar “A guerra civil española na narrativa Infantil e Xuvenil”, un proxecto coordinado que se compón de dous subproxectos para atender á produción realizada nas linguas de España e na doutros ámbitos lingüísticos; que a Asociación de Escritores en Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega lles encargase a organización da primeira xornada da crítica sobre esta literatura, por citar os eventos máis recentes. Pero o máis salientábel foi que conseguiron implicar no estudo das distintas vertentes deste sistema literario a un grupo de novas investigadoras que xa realizaron traballos varios. Por exemplo, na Universidade de Santiago defendéronse da man de investigadores pertencentes a estes grupos especializados e interdisciplinares dez traballos que cubriron liñas de investigación das reclamadas pola Rede como estudos comparativos, sobre paratextos, historiográficos, de xénero, sobre correntes e tendencias narrativas, como a ficción

²⁸ Blanca-Ana Roig Rechou e Carmen Franco Vázquez (eds), Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ELOS, 2010, 167 pp. (ISBN: 978-84-693-1193-6).

²⁹ Celia Vázquez (ed.), Frankfurt: Peter Lang, 2010, pp. 329-348 (ISBN: 978-3-631-58922-9).

³⁰ Carmen Becerra Suárez e Ana Fernández Mosquera (eds.), Frankfurt: Peter Lang, 2010, pp. 123-135 (ISBN: 978-3-631-58931-1).

³¹ Susana Pérez Pico e Manuel A. Candelas Colodrón (eds.), Frankfurt: Peter Lan, 2010, pp. 15-23 (ISBN: 978-3-631-58921-2).



científica, os autores na constitución do sistema literario, a tradución, etc.³², fronte a dous que se realizaron dende outros grupos que non contan con esta especialización³³. E mesmo, seguindo as liñas da Rede xa se defendeu unha Tese de doutoramento en Portugal e outra está en proceso³⁴, refírome, claro está, a aquelas investigacións nas que interveñen investigadores galegos ben como directores, codirectores ou autores.

A investigación, como poden deducir do que acabo de expoñer, segue a ser unha debilidade, pois se non o fora non podería ser eu hoxe tan exhaustiva aínda que como os peregrinos chegaron pouco e pouco a Compostela e cada vez son máis, a investigación sobre LIX en Galicia tamén vai avanzando pouco e pouco e conseguirá a súa fortaleza.

Para rematar, non quero deixar de dicir dúas palabras sobre a promoción que corre por outros camiños e está máis atendida polas institucións. De todas formas estes grupos, conscientes da importancia da investigación para que a promoción dea froitos cara á educación literaria e a consecución de hábitos lectores, tamén a realizan, pero sempre con chiscadelas críticas, aínda que sexan moi subliminares. Son bos exemplos, os *Informes de Literatura*, xa citados, a guía *Itinerario de Lecturas. De Camiño a*

³² A tese xa lida de Mónica Domínguez Pérez, *La traducción en el interior de las comunidades interliterarias específicas. El caso de la literatura infantil y juvenil en el ámbito español*, dir. Blanca-Ana Roig Rechou e Fernando Cabo Aseguinolaza. Teses en curso: Eulalia Agrelo Costas, *Da institución escolar ao centro do canon: Agustín Fernández Paz*; Isabel Mociño González, *Estudo comparado da narrativa infantil de ficción científica nas literaturas galega e portuguesa*; Marta Neira Rodríguez, *A muller na narrativa infantil e xuvenil sobre a Guerra Civil española no marco ibérico*. TIT-DEA defendidos: Alicia Munín, *Os paratextos na Literatura Infantil e Xuvenil galega* (2003); Eulalia Agrelo Costas, *Os inicios da Literatura infantil e xuvenil galega á luz do comparatismo e da Teoría dos Polisistemas* (2005); Marta Neira Rodríguez, *A literatura nas publicacións periódicas compostelás do Rexurdimento. Aplicacións comparadas* (2005); Isabel Mociño González, *A incursión da ficción científica nos sistemas literarios portugués e galego. Aplicacións comparadas* (2006); Mar Fernández Vázquez, *Carlos Casares no campo/sistema da LIX galega* (2010); Carmen Ferreira Boo, *O conto de transmisión oral na Literatura Infantil e Xuvenil galega (2000-2009): tipos de reescritura* (2010). Hoxe mesmo defenderáanse: Vanessa Regina Ferreira da Silva, *Por dentro da arte: un estudo comparado de Amigos secretos (1996), de Ana Maria Machado, e A casa da luz (2002)*, de Xabier P. Docampo (2010); Geovana Gentili Santos, *Quando dois clássicos se encontram: Charles Perrault (1628-1703) e Monteiro Lobato (1882-1948)* (2010); Amaya Obata Mourinho de Almeida Prado, *Da adaptação à apropriação: Dom Quixote de Monteiro Lobato* (2010); Pilar Bendoiro, *A tradución de Literatura Infantil e Xuvenil do inglés ao galego: Arthur Conan Doyle (1859-1930)* (2010), todos eles dirixidos por Blanca-Ana Roig Rechou. Traballos fin de másteres de investigación: Mónica Alvarez, *Educación literaria na sociedade do século XXI: o cinema como aliado*, dir. Blanca-Ana Roig Rechou, setembro 2010.

³³ A tese de doutoramento de Xosé A. Neira Cruz, unha descrición das revistas infantís e o traballo de investigación titorizado de Montserrat Pena Presas, *O papel das mulleres na narrativa infantil e xuvenil galega* (2007), dirixido por Dolores Vilavedra.

³⁴ Defendida a de Sara Raquel Duarte Reis da Silva, *Presença e Significado de Manuel António Pina na Literatura Portuguesa para a Infância e a Juventude*, dir. Fernando Azevedo e Blanca-Ana Roig Rechou, Universidade do Minho, 2009. En proceso: Raquel Patriarca, *O Livro para Crianças nas Bibliotecas Públicas Portuguesas: 1836-1986*.



*Compostela pola LIX*³⁵, sobre a temática xacobeá, informados polos membros de LIJMI doutros ámbitos; a inclusión de seleccións e comentarios nos monográficos citados e finalmente o ter posto en marcha e manter unha páxina sobre LIX no xornal diario compostelán *El Correo Gallego*³⁶, despois de ter participado tamén en guías e catálogos promocionais dende GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil).

Referencias bibliográficas

Casas, Arturo (2003), “Sistema interliterario y planificación historiográfica a propósito del espacio geocultural ibérico”, *Interlitteraria*, nº 8, pp. 68-97.

Cobas Brenlla, Xulio, (1990), *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*, Santiago de Compostela: Edición do autor.

Ďurišin, Dionýz (1993), *Communauté Interlittéraires Spécifiques...*, Bratislava: Académie Slovaque des Sciences.

Fernández Paz, Agustín (1989, 1999), *Os libros infantís galegos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Consellería de Educación e Cultura / *A literatura infantil e xuvenil en galego*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto (Claves), nº 13.

Shavit, Zohar (1986), *Poetics of Children's Literature*, Athens and London: The University of Georgia Press (2003), *Poética da Literatura para Crianças*, Lisboa: Caminho, col. Universitaria.

Torres, Elías (2000), “Norma lingüística e (inter-) sistema cultural. O caso galego”, en J.M. Carrasco *et al.* (eds.), *Actas del Congreso Internacional de Historia y Cultura en la Frontera. 1er Encuentro de Lusitanistas Españoles*, Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. II, pp. 967-996.

³⁵ Blanca-Ana Roig Rechou e María Jesús Agra (eds), Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ELOS, 2010, 133 pp. (ISBN: 978-84-693-1194-3).

³⁶ Que se publica todos os martes na sección do diario denominada “Tendencias”.

